



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 16 de decembro de 2015, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a **ACTUALIZACIÓN** do ditame de inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

RILPIVIRINA/ EMTRICITABINA/TENOFOVIR
Eviplera®

na seguinte indicación:

Tratamento de adultos infectados polo virus da inmunodeficiencia humana tipo 1 (VIH-1) sen mutacións coñecidas asociadas con resistencia aos inhibidores da transcriptasa inversa non análogos de nucleósidos (NNRTI), tenofovir ou emtricitabina, e cunha carga viral de ARN del VIH-1 ≤ 100.000 copias/ml.

Como sucede con outros medicamentos antirretrovirais, as probas de resistencia xenotípica e/ou os antecedentes de resistencia deben guiar o uso deste medicamento.

Así mesmo a elección do tratamento deberá priorizarse atendendo a criterios de eficiencia respecto ás alternativas dispoñibles en cada caso.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2015

O Presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



Elix Rúa Fernández

**COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

